

Dous poemas por Eilún del Pazo

REVOLUCIÓN

Poderán desterra-los soños,
pero nunca borrarán as cicatrices,
a rabia que enche os petos e os corazóns
dos valentes que aínda loitamos por un mundo xusto.
Poderán ocultar as pegadas dos devanceiros
que nunca mostraron temor algún
ao defender os ideiais fronte á cobiza.

Sei que utilizarán armas mediáticas
para ocultar as verdades.
Construirán muros en torno a nós,
chamarán liberdade de expresión
ás cadeas das nosas gorxas,
das bonecas, das pernas e de até os ollos.

Mais non serán capaces de apreixar os latexos
rebeldes e inconformistas que aínda viven no noso peito.



MAR ADENTRO

Non sei andar nas brasas sen me queimar,
pouco a pouco, do corazón á cabeza.

Xa ves, son torpe e suicida, pero sigo aquí,
agardando polos sorrisos e as bolboretas.

Fuches luz en tempos de guerra,
paz na escuridade e fame
coas ganas de comer o mundo.

Teño o verao chantado entre as costelas,
Monforte nas meniñas suplicando un regreso,
océanos por miradas terra adentro
e un fiucego desexo de atoparte en cada noite.

Aventúrome ao dicir que son os dedos
os que tremen pensando en nomearte,
chamarte a berros,
esgazando as cordas vocais,
rabuñando a gorxa,
crebando os beizos

que non son meus,
senón teus.

